

1

Ainhoa Elizasu foi a segunda vítima do *basajaun*, malia que entón a prensa aínda non o chamaba así. Foi un pouco máis tarde, cando transcendeu que ao redor dos cadáveres aparecían pelos de animal, restos de pel e rastros dubidosamente humanos, unidos a unha especie de fúnebre cerimonia de purificación. Unha forza maligna, telúrica e ancestral parecía marcar os corpos daquelas case nenas coa roupa resgada, o pelo da pube rasurado e as mans dispostas en actitude virxinal.

Cando a avisaban de madrugada para acudir ao escenario dun crime, a inspectora Amaia Salazar sempre realizaba o mesmo ritual: apagaba o espertador para que non molestase a James pola mañá, collía a súa roupa e o seu teléfono formando un nobelo e baixaba moi amodo as escaleiras ata chegar á cociña. Vestíase mentres tomaba un café con leite e deixaba unha nota para o seu marido. Despois metíase no coche e conducir absorta en pensamentos banais, ruído branco que sempre ocupaba a súa mente cando espertaba antes

do amencer e que a acompañaba como restos dunha vixilia inconclusa, a pesar de conducir durante máis dunha hora desde Pamplona ata o escenario onde unha vítima esperaba. Trazou unha curva demasiado pechada e o renxer das rodas fíxoa tomar conciencia do distraída que estaba; obrigouse entón a prestar atención á sinuosa estrada ascendente que penetraba nos mestos bosques que rodeaban Elizondo. Cinco minutos máis tarde detivo o coche xunto a unha baliza e recoñeceu o deportivo do doutor Jorge San Martín e o todo-terreo da xuíza Estébanez. Baixou do vehículo e dirixiuse á parte traseira, de onde sacou unhas botas de goma que calzou apoiada no maleteiro mentres o subinspector Jonan Etxaide e o inspector Montes se achegaban.

—Pinta mal, xefa, é unha nena —Jonan consultou as súas notas—. Doce ou trece anos. Os pais denunciaron que a moza non chegara á casa ás once da noite.

—Un pouco pronto para poñer unha denuncia por desaparición —opinou Amaia.

—Si. Polo visto chamou ao móbil do irmán maior contra as oito e dez para dicirlle que perdera o autobús a Arizkun.

—E o irmán non dixo nada ata as once?

—Xa sabe, «os *aitas* vante matar. Por favor, non llelo digas. Vou ver se o pai dalgunha amiga me leva». Total, que calou a boca e estivo xogando á PlayStation. Ás once, cando viu que a súa irmá non chegaba e a nai comezaba a poñerse histérica, díxolles que Ainhoa chamara. Os pais presentáronse na comisaría de Elizondo e insistiron en que á súa filla lle pasara algo. Non contestaba o móbil e xa falaran con todas as súas amigas. Atopouna unha patrulla. Ao chegar á curva os axentes viron os zapatos da moza na beiravía —dixo Jonan sinalando coa súa lanterna cara a un

lugar ao bordo do asfalto, onde uns zapatos de charón negro e tacón medio brillaban perfectamente aliñados. Amaia inclinouse para velos.

—Están como colocados, tocounos alguén? —preguntou.

Jonan consultou de novo as súas notas. Amaia pensou que a eficiencia do novo subinspector, antropólogo e arqueólogo aínda por riba, era un agasallo en casos tan duros como o que se prevía.

—Non. Estaban así, aliñados e apuntando á estrada.

—Dilles aos de pegadas que veñan cando acaben, que miren no interior dos zapatos. Para colocalos así hai que meter os dedos dentro.

O inspector Montes, que permanecera en silencio mirando as punteiras dos seus mocasíns italianos de firma, levantou a cabeza bruscamente, como se acabase de espertar dun soño profundo.

—Salazar —murmurou a modo de saúdo, e comezou a andar cara ao bordo do camiño sen esperala. Amaia fixo un xesto de perplexidade e volveuse cara a Jonan.

—E a este que lle pasa?

—Non o sei, xefa, pero viñemos no mesmo coche desde Pamplona e non abriu a boca. Eu creo que bebeu un pouco.

Si, ela tamén o cría. Desde o seu divorcio, o inspector Montes fora de mal a peor, e non só pola súa recente afección aos zapatos italianos e ás gravatas coloridas. As últimas semanas atopábao particularmente distraído, absorto no seu mundo interior, frío e impenetrable, case autista.

—Onde está a moza?

—Xunto ao río. Hai que baixar pola ladeira —dixo Jonan, sinalando o barranco e compoñendo un xesto de desculpa,

como se dalgunha maneira el fose o responsable de que o corpo se atopase alí.

Mentres descendía pola pendente, rabuñada á rocha polo río milenario, viu de lonxe os focos e as fitas que delimitaban o perímetro de acción dos axentes. Ao seu carón, a xuíza Estébanez falaba en voz baixa co secretario xudicial mentres dirixía miradas de esguello cara ao lugar onde estaba o corpo. Ao seu redor, dous fotógrafos da policía científica facían chover os seus *flashes* desde todos os ángulos. Xunto ao cadáver axeonllábase un dos técnicos do Instituto Navarro de Medicina Legal, que parecía estar a tomar a temperatura do fígado.

Amaia comprobou satisfeita que todo o persoal presente respectaba o paso que os primeiros axentes chegados á zona delimitaran para entrar e saír da área acordada. Así e todo, coma sempre, pareceulle que había xente de máis. Era un sentimento raiano no absurdo que talvez procedese da súa educación católica, pero invariablemente, cando tiña que estar fronte a un cadáver, urxíalle esa necesidade de intimidade e recollemento que a atafegaba nos cemiterios e que se vía violada coa presenza profesional, distante e allea dos que se movían ao redor daquel corpo, único protagonista da obra dun asasino e, con todo, mudo, silenciado, ignorado no seu horror.

Achegouse amodo, observando o lugar que alguén elixira para a morte. Xunto ao río formárase unha praia de seixos grises e arredondados, seguramente arrastrados polas crecidas da anterior primavera, unha lingua seca duns nove metros de ancho que se estendía ata onde ela podía ver á escasa luz do incipiente amencer. A outra marxe do río, de apenas catro metros de anchura, internábase nun bosque profundo

que se tornaba máis denso a medida que se penetraba nel. A inspectora esperou uns segundos mentres o técnico da policía científica terminaba de fotografar o cadáver; cando este acabou achegouse, situouse aos pés da nena e, como tiña por costume, baleirou a súa mente de pensamentos, mirou o corpo que xacía xunto ao río e murmurou unha breve oración. Só entón se sentiu preparada para mirala como a obra dun asasino.

Ainhoa Elizasu tivera en vida uns fermosos ollos castaños que agora miraban cara ao espazo infinito suspendidos nun xesto de sorpresa. A cabeza, levemente inclinada cara atrás, deixaba ver un anaco de basto cordel que se afundiou na carne do seu pescozo ata case desaparecer. Amaia inclinouse sobre o corpo para ver a ligadura.

—Nin sequera está anoado, simplemente apertou ata que a moza deixou de respirar —murmurou case para si.

—Ten que ser forte. Un home? —suxeriu Jonan ás súas costas.

—É probable, aínda que a moza non é moi alta, un cincuenta e cinco máis ou menos, e moi delgada; tamén puido facelo unha muller.

O doutor San Martín, que ata ese momento permanecera conversando coa xuíza e o secretario xudicial, achegouse ao cadáver despois de despedirse da maxistrada cunha cerimonia propia dun acto protocolario.

—Inspectora Salazar, é sempre un pracer vela, aínda que sexa nestas circunstancias —dixo festivamente.

—O mesmo digo, doutor San Martín, que lle parece o que temos aquí?

O médico tomou os apuntamentos que lle cedeu o técnico e folleounos brevemente mentres se inclinaba xunto ao cadáver, non sen antes dedicar a Jonan unha mirada apreciativa coa que calibraba a súa xuventude e coñecementos. Unha mirada que Amaia coñecía ben. Uns anos antes ela fora a nova subinspectora que se instruía nas reviravoltas da morte, un pracer que San Martín, un distinguido profesor, nunca deixaba escapar.

—Achéguese, Etxaide, veña aquí e quizais aprenda algo.

O doutor San Martín puxo as luvas cirúrxicas que sacou dun bolso Gladstone de coiro e palpou suavemente a mandíbula, o pescozo e os brazos da nena.

—Que sabe sobre o *rigor mortis*, Etxaide?

Jonan suspirou antes de comezar a falar cun ton parecido ao que debeu de utilizar nos seus días de escola cando lle contestaba á profesora.

—Ben, sei que empeza nas pálpebras unhas tres horas despois da morte, e que se estende pola cara e o pescozo ata o peito para ampliarse finalmente a todo o tronco e as extremidades. En condicións normais alcánzase a rixidez completa ao redor das doce horas, e empeza a desaparecer seguindo a orde inversa en torno ás trinta e seis.

—Non está mal, que máis? —animou o doutor.

—Constitúe un dos principais marcadores para facer a estimación da data da morte.

—E cre que podería facerse unha estimación baseándose unicamente no grao do *rigor mortis*?

—Ben... —titubeou Jonan.

—Non, rotundamente —aseverou San Martín—. O grao de rixidez pode variar debido ao estado muscular do falecido, á temperatura do cuarto ou á exterior, como neste caso;

temperaturas extremas que poden facer parecer que hai *rigor mortis*, por exemplo no caso de cadáveres expostos a altas temperaturas ou que sufran espasmo cadavérico, sabe o que é?

—Creo que se chama así cando no momento da morte os músculos das extremidades se tensan de tal modo que sería difícil arrebatarlles calquera obxecto que suxeitasen nese preciso instante.

—Así é. Por tanto, recae unha gran responsabilidade sobre o patólogo forense. Non debe establecerse a data sen ter en conta estes aspectos e, por suposto, as hipóstases... A lividez *post mortem*, para que me entenda. Vería esas series americanas nas que o forense se axeonlla xunto ao corpo e ao cabo de dous minutos está a establecer a hora da morte —dixo alzando teatralmente unha cella—. Pois deixe que lle diga que é mentira. A análise da cantidade de potasio no líquido do ollo supuxo un grande avance, pero só poderei establecer a hora con maior precisión despois da autopsia. Agora, e co que teño aquí, podo dicirlle: trece anos, muller. Pola temperatura do fígado eu diría que leva morta dúas horas. Aínda non hai rigor —afirmou palpando de novo a mandíbula da nena.

—Concorda bastante coa chamada que fixo á casa e a denuncia dos pais. Si, dúas horas escasas.

Amaia esperou a que se incorporase e substituíuno axeonllándose xunto á moza. Non se lle escapou a mirada de alivio de Jonan ao verse libre do escrutinio do forense. Os ollos mirando ao infinito e a boca entreaberta nun xesto que parecía de sorpresa, ou quizais un último intento por tomar aire, dábanlle ao seu rostro un aire de asombro infantil, como o dunha nena na festa do seu aniversario. Toda a roupa aparecía resgada en cortes limpos desde o pescozo ata as inguas e

atopábase separada a ambos os lados como o envoltorio dun agasallo macabro. A suave brisa procedente do río moveu un pouco o floco recto da moza e ata Amaia elevouse un aroma a xampú mesturado con outro máis acre de tabaco. Amaia preguntouse se fumaría.

—Cheira a tabaco. Sabedes se levaba bolso?

—Si, levaba. Aínda non apareceu, pero teño xente rastrexando a zona ata un quilómetro máis abaixo —dixo o inspector Montes estendendo o brazo en dirección ao río.

—Preguntádelles ás amigas onde estiveron e con quen.

—En canto abra o día, xefa —dixo Jonan tocando o seu reloxo—. As súas amigas serán rapazas de trece anos, estarán a durmir.

Observou as mans colocadas aos lados do corpo. Aparecían brancas, impolutas e coas palmas voltas cara arriba.

—Fixástesvos na postura das mans? Foron colocadas así.

—Estou de acordo —dixo Montes, que permanecía en pé xunto a Jonan.

—Que as fotografen, e preservádeas canto antes. Poida que intentase defenderse. Aínda que as uñas e as mans se ven bastante limpas, quizais teñamos sorte —dixo dirixíndose ao axente da Científica. O forense inclinouse de novo sobre a nena, fronte a Amaia.

—Haberá que esperar á autopsia, pero eu apuntaría á asfixia como causa da morte, e dada a forza con que a corda se afundiou na carne, diría que foi moi rápido. Os cortes que aparecen polo corpo son superficiais e estaban destinados unicamente a resgar a roupa. Foron realizados cun obxecto moi afiado, unha coitela, un *cutter* ou un bisturí. Iso direicho máis tarde, pero cando os fixo a moza xa estaba morta. Apenas hai sangue.

—E o da pube? —interveu Montes.

—Creo que utilizou o mesmo obxecto cortante para rasurar o pelo da pube.

—Quizais para levar parte como trofeo, xefa? —apuntou Jonan.

—Non, non o creo. Mira o modo en que o diseminou aos lados do corpo —indicou Amaia sinalando varios montonciños de pelo fino—. Máis ben parece que desexaba eliminalo, para substituílo por isto —dixo sinalando un pasteliño dourado e untuoso que fora colocado sobre a lampa pube da moza.

—Vaia cabronazo. Por que teñen que facer estas cousas? Non tiña bastante con matar unha nena que tiña que poñer iso aí. Que pode pasar pola mente de alguén que fai algo así? —exclamou Jonan con xesto de fastío.

—Ese é o teu traballo, rapaz, adiviñar que pensa ese porco —dixo Montes achegándose ao doutor San Martín.

—Violouna?

—Diría que non, aínda que non podo estar seguro ata que a examine máis a fondo. A posta en escena ten un marcado aspecto sexual... Resgar a roupa, deixar o peito ao aire, rasurar a pube... E o do pasteliño... Parece unha manteigada, ou...

—É un *txatxingorri* —interveu Amaia—. É un pastel típico desta zona, aínda que este é máis pequeno que os que se ven habitualmente. Pero é un *txatxingorri*, sen dúbida. Manteiga, fariña, ovos, azucre, fermento e roxóns fritos para facer a torta, unha receita ancestral. Jonan, que o metan nunha bolsa e, por favor —dixo Amaia dirixíndose a todos—, o do pastel que non saia de aquí, de momento esta información é reservada.

Todos asentiron.

—Aquí xa terminamos. San Martín, é súa. Vémonos en Medicina Legal.

Amaia incorporouse e dedicou unha última mirada á moza antes de ascender a ladeira ata o seu coche.